

## NOTA

### Á REDE DE AGROECOLOXÍA **REVOLTA** FOILLE CONCEDIDA UNHA AXUDA DE CONSOLIDACIÓN E ESTRUTURACIÓN PARA 2017-2019



#### A Rede:

A rede ReVOLTA de investigación en Agroecoloxía e Historia pretende mellorar a colaboración dos grupos de investigación que en Galicia e desde ámbitos disciplinares diversos (economía ecolóxica, historia agraria, historia económica e enxeñería agroforestal) estudan os problemas e as oportunidades de futuro do mundo rural.

#### Membros da Rede:

Son membros da rede ReVolta os seguintes grupos de investigación do SUG:

- COSMERUN: Construción sustentábel para o medio rural e natural (USC)
- ECOAGRASOC: Economía Agroalimentaria e Medioambiental, Desenvolvemento Rural e Economía Social (USC)
- GESPIC: Grupo de Estudos de Historia Empresarial e Sectorial. Pesca, Industria e Comercio (USC)
- GIEEA: Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía (UdV)
- TE-BIO: Territorio, Biodiversidade (USC)
- AGRONOMÍA: Xestión de Residuos Orgánicos, Fertilización e Ecoloxía Agraria (USC)
- GALABRA: Estudos dos sistemas culturais galego, luso, brasileiro e africanos de lingua portuguesa (USC)
- HISTAGRA: Historia agraria e política do mundo rural. Séculos XIX e XX (USC)

#### As tarefas a desenvolver en 2017-2019:

Patrocina:



A formalización da nova Rede posibilitará un diálogo transdisciplinar entre diferentes perspectivas de investigación que teñen o seu punto de encontro na Agroecoloxía. Esta integración transdisciplinar aportará melloras significativas para cada un dos 8 Grupos conformantes en ámbitos como o enfoque multidisciplinar, o intercambio de experiencias, a formación de investigadores ou a concorrencia a convocatorias competitivas e, en xeral a potenciación das capacidades de cada Grupo o que redundará nunha mellora de competencia do SUG.



As investigacións baseadas na perspectiva analítica agroecolóxica constitúen unha liña sólida no presente, pero representan sobre todo unha inmensa oportunidade para o futuro (inmediato e a medio prazo), tendo en conta as posibilidades que ofrecen no deseño teórico e na implementación concreta dun modelo de desenvolvemento agrario sustentable. Este enfoque desde a Agroecoloxía aínda pode (e na nosa opinión, debe) ser moito máis desenvolvido no contexto científico – académico do Sistema Universitario Galego. En este sentido, os Grupos que integran esta solicitude entenden que Galicia podería ser un (outro) laboratorio do que extraer ensinanzas para unha experiencia global.

**Ligazóns de interese:**

<http://revolta.usc.es/es/>

<http://histagra.usc.es/gl/>

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de  
Desenvolvemento Regional